



RELATOS.GAL

# SEXTO CONCURSO DE MICRORRELATOS

- relatos gañadores -



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

.gal



# SEXTO CONCURSO DE MICRORRELATOS

## Somos a lingua, somos comunidade

Setecentas trinta e oito palabras. As historias que aquí se presentan, gañadoras do VI Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal, apenas ocupan ambas as caras dun folio. Son poucas liñas pero moito din sobre grandes temas universais da vida, da literatura. O amor, o humor, a perda, a culpa, o acougo ou a ledicia están no miolo destes nove textos escritos por persoas de distintas xeracións, desta volta entre os 7 e os 48 anos.

Malia a distancia xeracional entre unhas e outras, estes relatos son tamén boa proba de que as formas de sentir, de se emocionar, de padecer e de gozar permanecen. E de que a nosa lingua é un poderoso vehículo de expresión que nos permite compartir calquera mensaxe que queiramos expresarlle ao mundo, ferramenta de comunicación que nos fai singulares e comunidade a un tempo, idioma da madurez, da mocidade e da infancia.

Idioma da fala e idioma da escrita. Sobre o papel e nas pantallas. Lingua de novas voces cheas de talento que seguimos a descubrir nun concurso que xa é un referente.

*A Coruña, 10 de xullo de 2023*

**Victor F. Freixanes**  
**Presidente da Real Academia Galega**

**Manuel González González**  
**Presidente de PuntoGal**



# O Xurado



O xurado da categoría de adultos estivo composto polo presidente da Real Academia, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e tamén académico, Manuel González González; a académica numeraria María Dolores Sánchez Palomino; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a xornalista Rosalía Macías Tarrío.

As historias que concorreron ás categorías xuvenil e infantil foron avaliadas pola académica correspondente Celia Pereira Porto; o académico de número Gonzalo Navaza; a secretaria de PuntoGal, Edita de Lorenzo; Cristina Ríos, membro do equipo da mesma entidade; e Lois Pérez, poeta, escritor e guionista.

# Nel Vidal Barral

## Deberes de lingua



Son orixinario de Artes, Ribeira, e nacín en 1980. Traballo para a normalización do galego. Nos últimos anos mergullado na docencia.



## 1º premio adultos

Despois de rodear o ditongo de noivos tivo que separar o hiato de amorío. A diferenza entre, estando xuntos, seren ou non un conxunto. Aí é onde había que poñer o acento. Mais notou, así, con énfase esdrúxula que ese amor agudo non se podía acentuar. Ben vía que namorarse era grave.

E pasar de ser a sermos requiría unha conxugación que tiña que aprender a utilizar.



# Nanda Misa

## A foto



Nanda Misa (Vigo, 1978), veciña de Nigrán. Costureira, contacontos e un pouco monicrequeira. Adoro a lectura, os contos e lendas. Gusto de escoitar para aprender.



## 2º premio adultos

Non tiñan roupa de domingo. A nai conseguira que lle prestasen un vestido branco para a nena pequena e uns zapatos para o Antoniño porque segundo ela non podía saír na foto coas tamancas esfoladas que nin amallos tiñan. Os seus pés nus tapáballos a longuísima saia negra.

Colocáronse diante da parede branca tal e como lles requiriu o fotógrafo. A nai á esquerda, o Antoniño á dereita e a nena pequena no medio, sentada entre dous coxíns, nunha cadeira con braceiras forrada en tea granate moi suaviña que lles emprestara o señor cura. O Antoniño quedo e teso miraba desconfiado para aquel aparello misterioso que o ía a converter en papel mentres a nai suxeitaba docemente a nena pequena polo queixo porque era imposible que a súa cabeciña parase quieta mirando cara adiante. Ao Antoniño pasoulle un arrepío polo corpo cando a nai lle pediu que collese da man a súa irmá. Aqueles minutos de espera, inmóbil e co frío da nena invadíndolle o corpo enteiro, parecéronlle eternos.

Cando o fotógrafo rematou e deu permiso para moverse o Antoniño soltou a man afriaxada da nena pequena aliviado de que, por fin, a levasen a enterrar.



# Mónica Fraga Rodríguez

Zen



Mónica Fraga Rodríguez  
(A Laracha, 1974), actualmente veciña de Oleiros. Licenciada en Física, é profesora de Tecnoloxía e directora do IES Rego de Trabe. O seu primeiro premio literario foi no I Certame Manolo Lado do IES Alfredo Brañas. Dende entón escribe de cando en vez, sempre por pracer e ás veces por necesidade, cando precisa facer limpeza na súa cabeza.

Adoro a lectura, os contos e lendas. Gusto de escoitar para aprender.



*3º premio adultos*

Rematei o día lambendo, chuchando, succionando, mordendo... Belisquei con paixón as súas carnes, absorta no máis puro gozo. Penetrei cos meus dedos orificios que me transportaban a sensacións case esquecidas, salgados fluídos de doces praceres.

Magnífico comezo da tempada da centola galega, a 9,95 € no Gadis.



# Andrea Bravo López

Querer



O meu nome é Andrea (Ames, 2009) e o que máis me gusta facer é escribir e ler todo o que caia nas miñas mans. Adoro a lectura, os contos e lendas. Gusto de escoitar para aprender.



*1º premio xuvenil*

—E ti como morriches?

—Desexei que todos me quixesen.



# Mencía Jorge Cabaleiro

## Perda



Son Mencía Jorge Cabaleiro (Vigo, 2006).

Amante das letras dende moi pequena, cando descubrín que non había mellor forma de vivir mil vidas que facelo coa literatura.



## 2º premio xuvenil

Tes oito anos. Cubre un cuestionario sobre a túa personalidade: Cal é o teu pasatempo? E o teu animal favorito? Cal é o teu maior medo?...

Ler. O oso panda. A perda...

Compara as respostas coa túa mellor amiga:

-O meu maior medo é ás arañas. E o teu?

-Á perda.

Ela non entende, só ten oito anos. Ti tampouco, pero coñeces ese sentimento que acompañou a perda do teu xoguetec favorito.

A vida continúa.

Nunha sala, un home de bata branca repíteche a mesma pregunta que cubriches no cuestionario anos atrás. A resposta non cambia. Pero esta vez, si entendes. O home, fronte a ti, mira con comprensión: coñece ese sentimento.

Porque a vida e a perda son sinónimos. E esta última non existe sen a primeira: perdes a relación con esa amiga coa que xuraches estar toda a vida cando tiñas oito anos, perdes a xente á que máis queres, perdes a memoria que che permitía lembralos, perdes as ganas de ser feliz e de seguir adiante...

E, cando xa non queda nada máis e esa relación de simbiose deixa de funcionar, só queda unha cousa que perder: a vida.



# Beatriz Martínez García

Cun pouco de azucre



O meu nome é Beatriz (Teo, 2006), e dende moi pequerrecha xa reunía os meus peluches para contarlles historias. En canto souben, comecei a encargarme de deixalas por escrito.



*3º premio xuvenil*

Abriu o caixón do baño e sacou a caixa de pastillas. Para unha dor de cabeza. Para superar un día difícil. Cantas farían falla para quitarlle o alento a unha persoa? Para parar o latexo dun corazón? Preguntábase iso con frecuencia, e sentíase culpable.

Odiábaas, pero nunca as tirou. Estaban alí tan alcanzables, tan tanxibles. Apertou o puño con rabia arredor delas, ata facerse dano. Odiábase. Porque sabía que, cando Helena o necesitou, esa pequena caixa estivera moito máis preto, moito máis accesible ca el.



# Ainhoa Valverde Silva

## O meu irmán



Ainhoa Valverde Silva (Baiona, 2012) estuda no CPI de Cova Terreña. Ten unha doce personalidade. Gústalle o baloncesto e desfruta enredando cos seus gatiños.



## 1º premio infantil

Soa o despertador, son as seis e cuarto da mañá, el érguese e vai ao baño, despois almorza e ás seis e vinte déitase de novo na cama. As sete menos cuarto volve soar o despertador, lava a cara, os dentes, bota colonia, prepara a mochila e marcha a coller o autobús das sete. Chegou tarde, coma tantas veces. Ese é o día a día do meu irmán, aproveitando o tempo ata o último minuto.

Escoitando a nova sobre o accidente do autobús das sete decidín non rifarlle máis pola súa tardanza.

# Arwen Fernández García

## O poema



Arwen (2014) é natural de Nigrán, onde reside e estuda no colexio Humberto Juanes. Gústalle escribir e compoñer cancións co seu piano. Algúns dos seu poemas xa foron premiados en diversos certames.



*2º premio infantil*

O poema foi ao deserto e marchou, porque afogaba no silencio.



# Mai Lemmen

## A gatiña saltarica



Mai ten 6 anos. Naceu en Geldrop, Holanda, e vive en Prado de Miño, Ourense, onde estuda no CEIP Castrelo de Miño. As súas linguas maternas son o español e o holandés, pero gústalle moito o galego. É unha nena moi creativa á que lle encanta a música, xogar, pintar e escribir.



*3º premio infantil*

A gatiña saltarica andaba a brincar pola lúa e caeu neste libro cheo de animais.

Como vai saír de aquí?

Pois un touro empuxouna e caeu nunha sopa: unha sopa de letras

e o neno que estaba a ler comeuna.





**SEXTO CONCURSO DE MICRORRELATOS**

**RELATOS.GAL**



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**

